



AXENDA PARA O MES DE XULLO

EN XULLO CONTINUÁN AS PROPOSTAS DE PONTE DE VERÁN

- Piscina, aluguer de piraguas en Agronovo, aluguer de bicicletas, punto de información turística, novas etapas do Goza do Ulla, os campamentos de verán infantil e xuvenil, o campo de traballo, ludoteca de verán,... Tes toda a información na nosa páxina web e tamén no noso facebook.

AXENDA NAS INICIATIVAS ASOCIATIVAS

E AS INICIATIVAS ASOCIATIVAS CHEGAN CARGADAS DE PROPOSTAS:

- "O xogo das Peñas" o 1 de xullo da Asociación Xuvenil a Dorna.
- Sardiñada e Festival de Fin de Curso da Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla Concello de Vedra.
- O XV Festival de Bandas de Música do Patio da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla.
- A XVIII Festa do Escalo da Sociedade de Pesca Deportiva "Agronovo".
- O ciclo de cine de verán en Vedra "4x4x4" da Asociación Senunpeso.
- A Escola de Verán da Asociación AMABUL.
- O ACAMPARTE da ANPA CEIP Ortigueira.
- O Campus Deportivo da Escola Deportiva do Val do Ulla.

A BIBLIOTECA MUNICIPAL DE VEDRA

Permanecerá pechada nas vacacións escolares de verán.

De luns a venres de 9 a 13 h. atención ao público chamando antes ao 981 814 612


XULLO

L	M	MC	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

De interese...

ACLARACIÓN SOBRE A PREPARACIÓN DE GRELLADAS E A PREVENCIÓN DE INCENDIOS

■ No boletín municipal do mes pasado facíase referencia no apartado de prevención de incendios á prohibición de realizar fogueiras e grelladas para a preparación



de alimentos, tanto en áreas recreativas como en propiedades privadas, na época de alto perigo de incendio. Debemos aclarar que no caso das vivendas ou parcelas situadas en solo urbano, de núcleo ou urbanizable, sí se poderán realizar grelladas no interior das parcelas, non obstante, deberán extremarse as precaucións, especialmente nos días nos que o índice de risco de incendio (IRDI) sexa extremo.

HORARIOS DE VERÁN

NO CONCELLO DE VEDRA

Ata o 15 de setembro atención ao público no seguinte horario:

De luns a venres de 9:00 a 13:00 h.

NA OFICINA DE CORREOS DE VEDRA

Nos meses de xullo, agosto e setembro atenderá ao público no seguinte horario:

De luns a venres de 8:30 a 10:00 h.



VEDRA NA SEMANA VERDE DE SILLEDA



Stand do Concello de Vedra na Semana Verde de Silleda.



Actuación da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla na Semana Verde xunto ao stand do Concello de Vedra.



Degustación de produtos gastronómicos de Vedra en Festur-Semana Verde Silleda.




Fin da parte teórico-práctica do curso de monitor/a de tempo libre.



Curso iniciación ao piragüismo.



Celebración da sardiñada de San Xoán da Terceira Idade.



Última etapa de Sendeirismo antes do parón do verán o 17 de xuño, con visita ás Illas de Óns.
...Volver á actividade en outubro!!!



Actividade de recollida das Herbas de San Xoán, desenvolvida polo concello de Vedra en colaboración coa Asociación Amabul



Festival de clausura das Escolas Deportivas Municipais.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



"As tardes divertidas" organizadas na última semana de curso organizadas pola ANPA do CEIP Ortigueira.



Festival fin de curso da Escola de Música de Vedra.



A festa polo 10 aniversario do CRA Boqueixón – Vedra
Xosé Neira Vilas.



Festa do soci@ da Asociación San Campio polo seu 30 aniversario.

De interese



NOVAS SOBRE O DESPREGAMENTO DO 4G E PROBLEMAS COA TDT

■ Durante meses informamos do despregamento de novas antenas de 4G no concello de Vedra que podían interferir no servizo de recepción da TDT. Para solucionar estes problemas o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo puxo a disposición das persoas afectadas un servizo de asistencia técnica a domicilio. Dende este organismo e do servizo *Llega800*, encargado da xestión das avarías, comunicánnos que con data 31 de xullo finalizará o prazo para solicitar as accións gratúitas do servizo técnico, posto que se supera o prazo de 6 meses dende o acendido das estacións.

A partir desa data as incidencias deberían ser por causa de avaría no domicilio particular ou por avarías nos repetidores, polo que xa non serán atendidas no *Llega800*.



Para calquera aclaración poden contactar con este Concello no 981814612 ou no teléfono de *Llega800*: 900 833 999.

Deporte



HORARIO DE VERÁN NO PAVILLÓN MUNICIPAL E DE ALUGUER DA PISTA

■ No meses de verán o **ximnasio municipal** permanecerá aberto co horario do pavillón municipal que pasará a ser de 19.00 a 23:30 horas.

Tamén neste horario podes **alugar por horas a pista central**, recorda que é preciso facelo cunha antelación de 7 días. A reserva de horas farase directamente no

pavillón municipal ou a través da aplicación que esta aloxada na páxina web do concello:

https://www.avaibooksports.com/sri/sri_reserva.php?user=484

OBRIGAS EN RELACIÓN Á PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

■ A situación inhabitual de seca e altas temperaturas que se está vivindo en Galicia prevé unha etapa estival de grande risco de incendios forestais. Máis alá da responsabilidade penal daqueles que provoquen incendios de xeito intencionado ou por negligencia, é moi importante lembrar que a desatención das normas de prevención que marca a Lei de incendios, tamén é unha actitude irresponsable e que pode ter como resultado graves consecuencias civís e sancións administrativas para as persoas infractoras.

As principais obrigas das persoas propietarias marcadas pola Lei de incendios son as seguintes:

- Limpar a maleza das parcelas nunha franxa perimetral de 50 metros ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como arredor de edificacións, depósitos de lixo, parques, instalacións industriais e vías.
- Cortar todas aquelas especies arbóreas das recollidas na D.A. III da Lei de incendios que se atopen a menos de 30 metros do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, así como arredor de edificacións, depósitos de lixo, etc. Estas especies son, entre outras, o piñeiro, eucalipto, mimosa, acacia, etc.

Así mesmo, existen unha serie de prohibicións xenéricas que estarán vixentes durante toda a época de alto perigo de incendio (do 1 de xullo ao 30 de setembro):



- Queda prohibido realizar queimas agrícolas.
- Non se poderán realizar fogueiras para recreo ou preparación de alimentos, así como utilizar equipamentos de queima e de combustión destinados á iluminación ou á elaboración de alimentos. Esta prohibición esténdese ás áreas recreativas nas que non se poderán realizar grelladas.

O concello de Vedra está considerado pola Xunta de Galicia como Zona de Alto Risco de Incendio polo que é imprescindible que a veciñanza de Vedra sexa especialmente responsable co uso de lume e co mantemento e limpeza das súas parcelas durante o verán.

Normativa aplicable: Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e a súa modificación na Lei 7, 2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Distancias establecidas en la Lei de Montes

La normativa pone especial hincapié en regular las distancias mínimas de desbroce frente a incendios, así como los márgenes a seguir en las repoblaciones



Se debe mantener limpia de maleza una franja de seguridad de 50 metros alrededor de las viviendas para que realice su función de cortafuegos de forma efectiva



Pinos Acacias Eucaliptos
30 metros
No puede haber especies arbóreas pirófitas (propagan con facilidad el fuego)

Infografía: La Voz de Galicia

LEMBRA QUE DURANTE O VERÁN AS ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS DO CONCELLO DESCANSAN...

No seu lugar contamos cunha completa programación de actividades para todos os gustos e idades...

Campamentos, campos de traballo, intercambios, sendeirismo, actividades de ocio e tempo libre, ludoteca de verán, piscina...

Lembramos aquelas nas que aínda estás a tempo de participar!!



EXCURSIÓN AO AQUAPARK DE CERCEDA. O venres 21 de xullo

■ Trátase dunha aposta para pasar un día divertido, en familia, con amigos,... pero sobre todo con moita diversión con todas as alternativas que o Aquapark ofrece!!

- **Custe:** 10€/persoa. Inclúe transporte e entrada.
- **Requisito:** Saber nadar
- Menores de 13 anos deben ir acompañados/as.



PISCINA MUNICIPAL - TEMPADA 2017

■ Horario:

- De luns a venres de 15:00 a 21:00 h.
- Sábados, domingos e festivos de 16:00 a 21:00 h.

En caso de mal tempo as instalacións permanecerán pechadas!

■ Actividades acuáticas

- As tardes dos luns e xoves dos meses de xullo e agosto de 15:30 a 18:30 horas.

Natación para nenos e nenas:

INICIACION E PERFECCIONAMENTO en varios niveis determinados pola idade.

Natación para persoas adultas:

NATACIÓN E PERFECCIONAMENTO.

Consulta os horarios e inscíbete na propia piscina municipal.

As incorporacións posteriores ao 29 de xuño deberán esperar 7 días para iniciar a actividade. Isto é debido a que a Lei 13/2015 de 24 de decembro obriga a que as actividades deportivas deben estar cubertas por un seguro de accidentes específico ademais do seguro de responsabilidade civil.

■ PREZOS:

- Cursos para persoas menores de 14 anos:
7€ + abono individual ou familiar.
- Cursos para persoas maiores de 14 anos:
13€ + abono individual ou familiar.

Para a inscrición en calquera destas actividades é imprescindible ter un abono na piscina municipal de Vedra para a tempada do verán 2017.

MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓN NA PROPIA PISCINA MUNICIPAL OU NO SEU TELEFONO 626 488 891

ALUGUER DE PIRAGUAS NA ÁREA DE RECREO DE AGRONOVO

■ Ao longo dos meses de xullo e agosto, todos os sábados e domingos pola tarde entre as 16:00 e 20:00 h. poderase acceder libremente ás piraguas mediante o seu aluguer a un prezo de 3 €/hora.

Non perdas a ocasión de realizar esta actividade que che permite gozar da paisaxe ao tempo que practicas deporte!!

SERVIZO DE ALUGUER DE BICICLETAS BTT Tamén durante o verán

■ Destinatarios:

O servizo de préstamo de bicicletas está dirixido a persoas maiores de idade, se ben os menores con idade comprendidas entre os 16 e os 18 anos poderán gozar do sistema, previa autorización expresa e responsable dalgún dos seus pais ou titores legais. Queda expresamente prohibido a alta e utilización do servizo a menores de 16 anos.

■ Horario e lugar do servizo de aluguer de bicicletas:

Horario de atención ao público: de martes a domingo de 11:00 a 20:00 horas nos **puntos de intermediación do aluguer de bicicletas**:

- **Bar Quenllas:** R/Manuel Texo nº 3, Santa Cruz de Ribadulla. (42.776649, -8.424904).
Teléfono: 981 512452 (Situadas na Casa da Estación do Tren).
- **Bar Barreiro:** Cibrán nº9, San Xián de Sales. (42.814694, - 8.511153). Teléfono: 981 511508
- Ou chamando ao 981 814612 Concello de Vedra.

■ Disponibilidade do servizo:

O servizo estará dispoñible todo o ano. O tempo máximo permitido de utilización continua das bicicletas é de 6 horas. No caso de exceder este prazo aplicaranse as sancións correspondentes. O servizo poderá ser suspendido por causas de forza maior (climatolóxicas...).

■ Declaración de alta como usuario:

Os interesados en gozar do sistema de aluguer de bicicletas deberán previamente darse de alta no servizo nos Puntos de Intermediación. A tal efecto, deberán cumprimentar unha folla de inscrición e acompañala do documento nacional de identidade.

■ Custe do servizo:

O custe do servizo é de 3 €, co límite de tempo fixado (6 h).

■ Xestiona o servizo:

Asociación para a Dinamización e Promoción de Vedra "Casa dos Peóns".

Turismo

PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA NO VERÁN

■ Os meses de xullo e agosto o concello de Vedra volverá contar cun punto de atención e información turística que estará na Casa Reitoral de Ponte Ulla e que contará cos seguintes horarios:

Casa Reitoral de Ponte Ulla: Todos os días de 11:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 19:00 h.

Na **Casa dos Peóns** contarase cun dispensador de folletos de información e de promoción turística do concello e ademais, todos os establecementos hosta-

leiros adheridos a "Tabernas da Ulla" contarán con material de promoción do concello.

O departamento de turismo tamén oferta un servizo de acompañamento para grupos.

Para calquera consulta dirixirse ao tel. 669 450 804





GOZA DO ULLA

■ Lembra que Vedra volve a formar parte deste programa que fai un percorrido polas rutas de sendeirismo dos concellos bañados polo Ulla.

Toda a información e forma de inscricións nos concellos participantes, no blog: <http://vedraconecta.blogspot.com.es> e no facebook: <http://facebook.com/gozadoulla>

Goza do Ulla en Vedra o domingo 6 de agosto *Corredor temático do Río Ulla "San Xoán da Cova"*

Esta ruta discorre pola marxe dereita do río Ulla, aproveitando camiños de paso e sendas de pescadores (Rede Natura).

Ten o seu inicio no "Miradoiro de Gundián" e o remate na "Área de Recreo de Cubelas.

Son 16 km de percorrido gozando da beleza paisaxística de Vedra.

- **Punto e hora de encontro:** Área de Cubelas (San Pedro de Sarandón) ás 9.30 h.

Prazo de inscrición aberto ata o no teléfono 981 814 691 ou en no enderezo electrónico: casadospeons@concellodevedra.com

XORNADAS

"O CAMIÑO XACOBEO MIÑOTO-RIBEIRO"

- Venres 14 de xullo ás 20:00 h. no Centro Social de Vedra.

Mesa redonda: "O Camiño Real – Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro ao seu paso polo concello de Vedra".

Interveñen:

- Castor Pérez Casal

Licenciado en Xeografía e Historia. Profesor do I.E.S. de Celanova. Autor do libro "O Camiño Xacobeo Minoto-Ribeiro". Membro da Comisión de Investigación Histórica do Camiño Miñoto-Ribeiro.

- Celia Alegre Maceira

Licenciada en Xeografía e Historia. Autora do libro "Dar e concordar na Ulla do século XVIII" e colaboradora en diferentes publicacións relacionadas co Val do Ulla e co concello de Vedra. Membro da Comisión de Investigación Histórica do Camiño Miñoto-Ribeiro.

- Sábado 15 de xullo; saída ás 9 da mañá da Ponte de Sarandón.

Andaina do Camiño Xacobeo Miñoto-Ribeiro dende a Ponte de Sarandón (punto de entrada no concello de Vedra), ata Santiago de Compostela.

Servizos Sociais

ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

- **Encontros interxeracionais cos participantes do Campo de Traballo. Tema: "O Camiño Real" (Camiño Miñoto-Ribeiro)**
Luns 10 de xullo ás 18:00 h.

- **Excursión á praia - Xantar campestre. Pontedeume-praia de Cabana**

Luns 17 de xullo

Prezo: 22 € (Inclúe transporte e comida) -prazas limitadas-

Programa: Preténdese que este sexa un día de diversión e con-

fraternidade. Para iso buscamos un lugar con amplas zonas de sombra...

Pola mañá visitaremos lugares de interese da zona.

Pola tarde praia.

(O prazo de inscrición para esta saída, ábrese o 8 de xullo. As prazas e número de asento adxudicaránse por orde de inscrición).

- **Bingo de Verán**

Xoves 27 de xullo ás 20:00 h.



Campionato de Brisca no Centro Social.

LUDOTECA DE VERÁN. VEDRA EXPRESS: AS TRIBUS PERDIDAS!!

■ A través deste gran xogo aprenderemos a mirar e analizar o mundo desde outras perspectivas, ao mesmo tempo que potenciamos o noso instinto de esculcar e comprender a contorna que nos rodea.

Actividades e talleres:

- Manualidades e creatividade
- Psicomotricidade
- Contacontos
- Xogos e animación
- Gymkhanas e xogos de pistas
- Safari fotográfico

Outras actividades:

- Taller Tribal
- Confección de murais temáticos
- Xogos de orientación

- Excursión educativa fóra do municipio
- Xogos de Auga
- Construción de cabanas
- Obradoiros temáticos

Xullo será un mes cheo de aventuras, animate!!!



Deputación
DA CORUÑA



Concello
de Vedra

Iniciativas das Asociacións

SARDIÑADA E FESTIVAL FIN DE CURSO DA ESCOLA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA CONCELLO DE VEDRA O sábado 1 de xullo

■ A Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla Concello de Vedra remata o seu curso coa xa tradicional sardiñada e festival na carballeira do marqués. A festa comezará a partires das 20:30 h.



XOGO DE PEÑAS DA ASOCIACIÓN XUVENIL A DORNA. O 1 de xullo

■ A Asociación Xuvenil a Dorna presenta esta orixinal proposta, que garante diversión, acción e premios!! Para participar só tes que xuntar unha "peña" de polo menos 6 participantes maiores de 16 anos e inscribirte por tan só 5 euros e unha camiseta de regalo.



Toda a información na súa web:
www.asociacionxuenildorna.com

Non te perdas esta oportunidade!!

Haberá: xogos populares, lanzamento de katusca, os relevos imposibles, festa da espuma, tiro á diana con caída á auga... e moita diversión máis!!



XV FESTIVAL DE BANDAS DE MÚSICA DO PATIO. 8 E 9 de xullo

■ Volve un ano máis esta aposta musical de calidade da man da Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla, nesta ocasión celebrando o seu 90 aniversario!!



Programa:

O sábado 8 de xullo ás 19 h no Pazo de Ortigueira, as seguintes actuacións:

- Banda de Música de Teo.
- Agrupación Musical do Rosal.
- Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla.

O domingo 9 de xullo ás 12.30 h no pazo de Ortigueira:

- O espectáculo "Vaia Banda" co grupo Odaiko e a Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla.

XVIII FESTA DO ESCALO 09 de xullo

■ Sociedade de pesca deportiva "Agronovo" celebra o segundo domingo de xullo unha nova edición desta orixinal festa que medra ano a ano.

A xornada contará con pregón, música, degustacións, inchables,... Bótalle un ollo ao seu cartel e non o dubides... Anímate a participar!!!



4x4x4 CINE DE VERÁN 2017 EN VEDRA 4 parroquias * 4 venres * 4 filmes

■ **Organiza:** Asoc. Senunpeso.
Colabora: Concello de Vedra / Deputación da Coruña / A. C. Papaventos.

Programa de actividades:

*Venres 7 de xullo. 22:30 h
San Miguel de Sarandón.
Campo da festa*

■ 18 comidas

Seis historias que ocorren nun único día, ao longo de 18 comidas (almorzos, xantares e ceas) que nos fan partícipes dalgúns deses momentos que poden cambiar unha vida. Unha película sorprendente, construída con diálogos abertos á improvisación.

2010. Comedia/Drama. 107 min.
Dirección: Jorge Coira

Con: Luis Tosar, Esperanza Pedreño, Víctor Clavijo, Sergio Peris Mencheta, Juan Carlos Bellido, María Vázquez, Pedro Alonso...

Coa colaboración da Asociación Cultural San Campio

*Venres 21 de xullo. 22:30 h
San Mamede de Ribadulla.
Campo da festa*

■ Lobos sucios

Manuela traballa nas minas galegas de volframio explotadas por Alemaña durante a Segunda Guerra Mundial. Para curar á súa filla enferma, tratará xunto á súa irmá Candela de roubar aos nazis. Unha aventura que pode cambiar o curso da guerra.

2015. Intriga/Aventuras. 105 min.

Dirección: Simón Casal
Con: Marián Álvarez, Manuela Velles, Isak Ferriz, Pierre Kiwitt, Ricardo de Barreiro...

Coa colaboración da Asociación de Veciños San Blas

*Venres 4 de agosto. 22:30 h
San Pedro de Sarandón.
Campo da festa*

■ A praia dos afogados

Unha mañá, a marea arrastra ata á beira o cadáver dun mariñeiro coas mans atadas. Sen testemuñas nin rastro da embarcación, o inspector Leo Caldas mergúllase no ambiente mariñeiro para esclarecer o crime, pero os veciños resistense a desvelar as súas sospeitas.

2015. Intriga. 96 min.

Dirección: Gerardo Herrero

Con: Carmelo Gómez, Antonio Garrido, Tamar Novas, Celso Bugallo, Celia Freijeiro, Marta Larralde, Ernesto Chao...

Coa colaboración da Asociación de Veciños San Pedro

*Venres 18 de agosto. 22:00 h
Ponte Ulla. Campo da festa*

■ Somos xente honrada

Suso e Manuel, dous pais de familia e amigos de toda a vida, quedan sen traballo con cincuenta anos cumpridos. Cando a situación é xa insostible ocorre algo insólito: un día, mentres están pescando, atopan un paquete con dez quilos de cocaína.

2013. Comedia/Drama. 85 min.

Dirección: Alejandro Marzoa

Con: Miguel de Lira, Paco Tous, Manuela Vellés, Unax Ugalde, Antonio Durán 'Morris', Xosé Manuel Olveira 'Pico'...

Coa colaboración da Asociación de Veciños Virxe de Gundián.



Parabéns

AO CD SAN MAMED... POLOS SEUS 50 ANOS DE HISTORIA!!

■ 50 anos, medio século, do nacemento dunha idea e dun desexo colectivo, dos esforzos dunha parroquia e da súa xente nuns momentos nos que nada era por que si!

...Son os 50 anos do Club Deportivo San Mamed, imposibles de resumir nunhas palabras, nin de explicar sen chegar ao sentimento daqueles primeiros socios que axudaron coas súas propias mans a construír o que hoxe é unha realidade, un club de fútbol histórico na comarca e en Galicia.

Falar de todo isto nunha pequena parroquia aínda pon máis en valor cada un dos pasos dados e acadados, dende que alá polo ano 1967 uns cantos valentes crearan o que non era máis ca unha ilusión, fai que hoxe teña moito sentido esta celebración ben merecida.

Dende aquí só queremos aplaudir cada unha das vitorias, cada un dos ascensos, cada unha das copas, cada un dos logros,... en definitiva cada un dos pasos dados



nestes 50 anos de historia!... Pasos que en grande medida temos que agradecer a cada unha das directivas, dos presidentes e dos socios e socias que cos seus esforzos e dedicación fixeron posible que o San Mamed fose unha realidade.

Parabéns ao Club Deportivo San Mamed... un Club de Ouro!!

Continúa na páxina 12



...E POLA SÚA V EDICIÓN TORNEO FÚTBOL BASE CD SAN MAMED

■ O pasado 10 e 11 de xuño de 2017 celebrouse no campo de San Mamede a V edición deste torneo.

O sábado foi a quenda da categoría alevín. 19 equipos distribuídos en 3 grupos de 5 equipos e 1 grupo de 4, comezaron a competición ás 9:30. Os favoritos comezaron pronto a mostrar as súas credenciais, clasificándose como primeiros de grupo. Pola tarde chegou a fase de eliminatorias, todas cheas de emoción e bo fútbol, que deixaría o seguinte cadro de honra.

1º CD Lugo, 2º CD Calasanz, 3º Bertamiráns C.F., 4º Pontevedra CF. **Fase consolación:** 1º Amio SD, 2º Escola Deportiva Santiago.

O domingo 11 era o momento dos benxamíns. O día máis forte do torneo con equipos como o R.C. Celta de Vigo, Deportivo de La Coruña, Escola de Fútbol Hernani Gonçalves. As expectativas non defraudaron e dende a primeira hora xa se puideron ver encontros de gran calidade futbolística. Todo indicaba cara



a final entre os dous grandes do fútbol galego, pero o fútbol non é unha ciencia exacta, e tanto R.C. Celta de Vigo, como Deportivo de La Coruña, foron eliminados en semifinais polo Bertamiráns C.F. e a E.D. Val do Ulla respectivamente, que xunto coa final foron retransmitidas en directo pola TVG2.

Cadro de honra:

1º Bertamiráns CF, 2º E.D. Val do Ulla, 3º Deportivo de La Coruña, 4º R.C. Celta de Vigo.

Fase de consolación:

1º Escola de Fútbol Hernani Gonçalves, 2º SD Milla-doiro.

A AUGARDENTES DE GALICIA S.L.

■ Pola súa medalla de prata á súa augardente "Vedra del Ulla" no Concurso Internacional Burdeos 2017, un galardón de gran prestixio a nivel mundial e que ademais foi o único produto nacional en acadalo. Unha proba mais da súa calidade e bo facer!!

Aguardientes
de Galicia



Vedra festeira en xullo



FESTA NA HONRA DA CONCEPCIÓN EN SAN PEDRO DE SARANDÓN: O DOMINGO 2 DE XULLO

FESTAS DO CARME EN TROBE:

O 15, 16 E 17 DE XULLO

- O **sábado 15 de xullo**: festa amenizada polas charangas TNT e BB+ (A festa está garantida!!).
- O **domingo 16 de xullo**: sesión vermú e verbena coas bandas de música de Teo e Santa Cruz de Ribadulla.
- O **luns 17 de xullo**: sesión vermú coa orquestra Galilea e verbena amenizada coas orquestras Costa Oeste e Galilea.

FESTAS PATRONAIS EN PONTE ULLA:

O 22 E 23 DE XULLO

- O **22 de xullo**, na honra de Santa Magdalena. Sesión vermú coa Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla e verbena a cargo do grupo Acirema e discoteca móbil EME MUSIC.
- O **23 de xullo**, festividade do Santísimo. Pasarrúas, concerto, sesión vermú e verbena a cargo da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla e Unión Musical Ponteledesma.

PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.